



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CENTRO GALEGO DE CONTROL LEITEIRO (CEGACOL) PARA A REALIZACIÓN DE PROBAS PARA DETERMINAR O RENDEMENTO LEITEIRO DO GANDO VACÚN DENTRO DO PROGRAMA GALEGO DE SELECCIÓN E MELLORA DA RAZA FRISONA PARA O PERÍODO 2020-2023.

En Santiago de Compostela,

13 XAN. 2020

REUNIDOS

Don José González Vázquez, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural, en virtude das facultades que lle confire o Decreto 99/2018 do 26 de setembro polo que se nomea Conselleiro do Medio Rural, e de conformidade co artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Don Manuel Antelo Vilariño, NIF 33272365J, actuando en nome e representación da Africor A Coruña, na súa condición de Presidente.

Don José Carlos Vega Rodríguez, NIF 33316586M, actuando en nome e representación da Africor Lugo, na súa condición de Presidente.

Don Antonio Pérez Castro, NIF 76706154G, actuando en nome e representación da Africor Ourense, na súa condición de Presidente.

Don Rafael Méndez Guerra, NIF52480768N, actuando en nome e representación da Africor Pontevedra, na súa condición de Presidente.

Cada un intervéen en función do seu cargo, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar o presente convenio.

EXPOÑEN

Primeiro - Segundo o establecido no artigo 30.1.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva, de acordo





coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, en materia de agricultura e gandería.

Segundo - Entre outras funcións, a Consellería do Medio Rural é competente no desenvolvemento das accións necesarias para a ordenación, fomento e control da produción gandeira, así como na elaboración e execución dos programas de mellora xenética do gando, tal como se recolle no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia.

Terceiro - O Real Decreto 368/2005, do 8 de abril, polo que se regula o control oficial do rendemento leiteiro para a avaliación xenética nas especies bovina, ovina e cabrúa, ten carácter de normativa básica, e define no seu art. 2a) ao control leiteiro oficial como o conxunto de actuacións cuxo obxectivo é a avaliación xenética dos reprodutores das especies bovina, ovina e cabrúa de aptitude leiteira para mellorar as producións lácteas e que consistirá na comprobación sistemática da cantidade de leite producida e dos seus compoñentes, así como a recollida doutra información que teña validez para a súa incorporación nos esquemas de selección aprobados para as diferentes razas.

Así mesmo, esta norma tamén indica que a organización do control leiteiro debe estruturarse arredor de centros autonómicos de control, que se constitúen para aglutinar as funcións dos núcleos de control, apoiados polos laboratorios autonómicos e que as axudas se concederán a favor destes centros autonómicos.

En Galicia, o Decreto 120/2011, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura organizativa responsable do funcionamento do control leiteiro oficial, recolle no artigo 2 que se designan ás asociacións provinciais de control de rendemento leiteiro (Africor) como Centro Galego de Control Leiteiro (CEGACOL). Ademais, no seu Artigo 8 establece que as axudas previstas no Real Decreto 368/2005 do 8 de abril, serán canalizadas a través do CEGACOL, e que a Consellería do Medio Rural subscribirá




os oportunos convenios coas asociacións provinciais de control leiteiro como responsables da xestión do control leiteiro en Galicia.

As catro Africor de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, planifican e desenvolven en exclusiva, cadansúa no seu ámbito provincial, as actuacións de control leiteiro oficial. Son as entidades que agrupan á totalidade dos criadores de gando frisón implicados no programa do control leiteiro oficial na súas respectivas provincias.



Cuarto - Estas axudas axústanse ao disposto no Regulamento (UE) n.º 702/2014, da Comisión, de 25 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, publicado no Diario Oficial da Unión Europea núm. 193, de 1 de xullo de 2014, páxinas 1 a 75; no Real Decreto 368/2005, do 8 de abril, e as súas modificacións, polo que se regula o control oficial do rendemento leiteiro para a avaliación xenética nas especies bovinas, ovina e cabrúa, e no Decreto 120/2011, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura organizativa responsable do funcionamento do control leiteiro oficial.



Quinto - A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social ou económico. No mesmo senso, exprésase o artigo 36.c do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei. Por outra parte, o artigo 40.1 do mesmo decreto posibilita a concesión de subvencións directas mediante convenio, nos casos en que se acrediten razóns de interese público, social ou económico.


Sexto - O lácteo galego representa practicamente a metade da produción final do subsector gandeiro e de feito en moitas comarcas galegas, a economía baséase case exclusivamente na produción láctea. Ademais, practicamente toda a produción láctea galega provén de animais da raza Frisona.




Por esta razón, en Galicia desenvólvese dende hai varios anos o Programa de mellora xenética do gando Frisón de Galicia. Implantouse para adaptar o esquema de selección da raza ás condicións particulares da nosa comunidade, e ao mesmo tempo poñer a disposición dos gandeiros galegos mecanismos que lles permitan acadar unha selección máis eficiente dos animais e ser máis competitivos.




Dentro do programa, o control leiteiro desempeña un papel fundamental, posto que o obxectivo final do control leiteiro oficial é a valoración xenética dos reprodutores, tanto femias como machos de cara a determinar cales son mellorantes. Deste xeito, dispoñer dun control leiteiro eficiente é unha premisa básica para que un programa de selección xenética sexa eficaz, xa que permite rexistrar obxectiva e sistematicamente a produción e a calidade do leite das vacas das explotacións galegas que colaboran co Programa, co fin de estimar o valor xenético da poboación, facilitando os procesos de selección do gando.



Por outro lado, constitúe unha importante axuda na xestión das explotacións, xa que permite ao gandeiro a toma de decisións técnicas de gran importancia, como son a optimización da alimentación dos animais de acordo coa súa produción, ou a eliminación de femias pouco eficientes, obtendo así un maior grado de produtividade de cara a obter unha mellor calidade do leite e por tanto unha maior solvencia económica e rendibilidade para a explotación.



Mediante a interpretación e análise dos datos xenéricos que se obteñen do control leiteiro permiten a súa vez a realización de estatísticas de gran interese para a Administración, ao facilitar importante información sobre o estado e a evolución das ganderías leiteiras de Galicia en canto a niveis de produción, tamaño efectivo das ganderías, estrutura dos rabaños, distribución das ganderías, etc.



Ademais, as explotacións galegas en control leiteiro dan emprego a tempo completo a varios milleiros de persoas en Galicia, xerando tamén emprego indirecto, e contribuíndo en gran medida á fixación de poboación no campo e a manter unha economía rural de gran importancia para Galicia.

En definitiva, o control leiteiro oficial, ten unha influencia clara e directa no porvir do sector lácteo galego, como base da mellora xenética nos esquemas de selección e dende o punto de vista da sustentabilidade e rendibilidade económica das






explotacións. O apoio á selección e mellora xenética, mediante a realización de probas destinadas a determinar o rendemento dos animais, só é posible coa participación das entidades responsables en Galicia do control leiteiro oficial: as asociacións provinciais de control de rendementos da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra xa que a recollida e recompilación de datos e a súa correcta asignación aos animais inscritos no libro xenealóxico da raza requiren dunha ampla experiencia e profesionalidade nos rexistros para garantir a fiabilidade da información.



Nestas condicións, o procedemento ordinario de concorrencia competitiva na concesión de subvencións resulta improcedente, por canto os catro destinatarios posibles resultan todos eles imprescindibles para a xestión dos programas. Por outra parte, o artigo 40.1 do Decreto 11/2009 posibilita a concesión de subvencións directas mediante resolución ou convenio, nos casos en que se acrediten razóns de interese público, social ou económico.



Por tanto, asumindo que a realización de probas para determinar o rendemento do gando leiteiro segundo establece o Real Decreto 368/2005 reúne as condicións aludidas na lei e o regulamento de subvencións, enténdese a procedencia da sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o CEGACOL para a realización das probas para determinar o rendemento leiteiro do gando vacún dentro do Programa Galego de Selección e mellora da raza Frisona.



Sétimo - En virtude do anterior, as partes interesadas asinan de común acordo o presente convenio de colaboración co fin de que a Consellería do Medio Rural participe coas catro Africor de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, no logro dos obxectivos manifestados, en base as seguintes:

CLÁUSULAS



PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto deste convenio de colaboración é regular as condicións de cooperación entre a Consellería do Medio Rural e o CEGACOL, no desenvolvemento das probas para determinar o rendemento do gando leiteiro daquelas explotacións que participen no control leiteiro oficial, co obxecto de mellorar a calidade xenética do gando vacún frisón de Galicia.





SEGUNDA. Beneficiarios

Os beneficiarios últimos das actuacións financiadas con este convenio son os gandeiros que participan no control oficial de rendemento leiteiro, que reciben a axuda baixo a forma de servizos subvencionados prestados por terceiros, e nunca como pagos directos en efectivo aos produtores, de acordo co previsto no artigo 27.2 do Regulamento (UE) Nº 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014.

Para poderen ser beneficiarios deberán ter a condición de peme, de acordo co disposto no anexo I do Regulamento (UE) nº 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, e no cumprimento do artigo 1.6. do citado Regulamento, as peme beneficiarias do presente réxime de axudas non terán a consideración de empresas en crise, segundo a definición destas establecida no artigo 2.14.

Así mesmo, non poderán ter a condición de persoas beneficiarias das axudas reguladas neste convenio as persoas ou entidades que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente, despois dunha decisión previa da Comisión que declarara unha axuda ilegal e incompatible co mercado interior, e en cumprimento do artigo 1.5.a) do Regulamento (UE) nº 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño.

De acordo co establecido no artigo 27 do Regulamento (UE) Nº 702/2014, a axuda se abonará en especie e non poderá consistir en pagos directos aos beneficiarios.

TERCEIRA. Compromisos do CEGACOL

O CEGACOL comprométese a colaborar no programa galego de selección e mellora xenética do gando vacún frisón leiteiro realizando a toma de mostras e recollida de datos para o control de rendementos, de acordo coas especificacións descritas no *Real Decreto 368/2005, de 8 de abril, polo que se regula o control oficial do rendemento leiteiro para a avaliación xenética nas especies bovina, ovina e caprina e as súas modificacións, no Decreto 120/2011, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura organizativa responsable do funcionamento do control leiteiro oficial e na*





Resolución de 22 de octubre de 2013, da Dirección General de Producciones y Mercados Agrarios, pola que se publican as recomendacións do Comité Internacional para o Control do Rendemento Animal, de acordo coas instrucións de aplicación das mesmas establecidas pola Comisión Nacional de Control Leiteiro Oficial.

As asociacións provinciais de control leiteiro asumen as seguintes obrigas:

1. Realizar a recollida de datos e toma de mostras nas explotacións acollidas ao control leiteiro oficial seguindo as indicacións do Real Decreto 368/2005.
2. Realizar as tarefas de recepción e arquivo dos datos sinalados no punto anterior, así como procesar, depurar e xerar toda a información que se precise para o funcionamento do dito control.
3. Empregar unha base informática de datos única e común para toda Galicia, onde se integrará, procesará e analizará toda a información cuantitativa e cualitativa procedente dos controis realizados.
4. Levar un rexistro actualizado das explotacións e dos animais cos datos correspondentes ao control leiteiro oficial.
5. Autorizar, supervisar e, no seu caso, deixar sen efecto o nomeamento dos controladores autorizados. Cada un deles posuirá un código de identificación, que fará referencia á súa zona de control. Cada Africor de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, velará polo cumprimento das obrigas e responsabilidades dos controladores autorizados.
6. Proporcionar información a cada titular das explotacións, dos datos relativos ao control leiteiro oficial da súa explotación, polo menos, cunha periodicidade mensual.
7. Realizar as auditorías internas de comprobación de todos os aspectos recollidos no RD 368/2005 e na Resolución do 22 de outubro de 2013. Como mínimo, auditarase, de forma aleatoria e non dirixida, o dous por cento das explotacións e das reprodutoras en control.
8. Os medidores utilizados polos controladores no control leiteiro oficial estarán homologados e aprobados polo CEGACOL seguindo a regulamentación do ICAR. O contraste dos medidores realizarase de forma obrigatoria cunha periodicidade anual.





9. Tanto os métodos de control como o número de medicións de produción, a codificación de incidencias nos controis realizados, o número de mostras recollidas, os datos a recoller con carácter obrigatorio e os filtros aplicados á informatización dos datos axustaranse ao recollido no Anexo 2 da Resolución do 22 de outubro de 2013.

10. A periodicidade dos controis realizados deberá ser mensual, cun intervalo entre 22 e 37 días, inclusive, coas excepcións recollidas na normativa.

11. O procedemento de traballo estará deseñado de forma que as mostras entren no laboratorio, como máximo, 72 horas despois da recollida e analizadas nun prazo máximo de 72 horas, sen superar en ningún caso o período total de 150 horas entre o inicio da recollida de mostras e recepción dos resultados da análise.

12. As Africores de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, comprométense a prestar a súa colaboración activa no Programa galego de selección e mellora xenética do gando vacún de leite participando nas accións programadas, cooperando na difusión da mellora xenética e na implantación de mecanismos que permitan aos produtores de leite galegos acceder aos fondos xenéticos dispoñibles e resultantes da aplicación do programa.

CUARTA. Acordo entre as Africores de Ourense e Pontevedra

Africor Ourense é a entidade que agrupa á totalidade dos criadores de gando frisón implicados no programa do control leiteiro oficial na súa provincia pero actualmente, carece de capacidade e de medios para a súa execución.

Por outra parte, Africor Pontevedra si dispón da infraestrutura e do persoal necesario para realizar as labores de control oficial nas explotacións da provincia de Ourense sen que se vexa comprometida a calidade e eficiencia do control de rendementos na súa provincia, ademais de que xeograficamente desfruta dunha situación vantaxosa respecto á ubicación das explotacións a controlar en relación coas outras asociacións provinciais.

Por medio da presente cláusula establécese un compromiso de colaboración de Africor Ourense con Africor Pontevedra para a execución material do control leiteiro oficial por parte desta última na provincia de Ourense.





En relación coa provincia de Ourense, as asociacións provinciais de control leiteiro de Ourense e Pontevedra asumen as seguintes obrigas das recollidas na Cláusula Terceira do presente convenio:

- Africor Ourense comprométese a executar as obrigas número 7 e 12 así como a colaborar activamente con Africor Pontevedra na medida das súas posibilidades na execución do control leiteiro oficial.

- Africor Pontevedra, comprométese a executar as restantes obrigas das contempladas na citada cláusula.

En ningún caso, as tarifas aplicadas por Africor Pontevedra poderán ser superiores ao valor de mercado.

Así mesmo, o importe abonado por Africor Ourense a Africor Pontevedra non poderá superar o importe que lle corresponda do resultante de aplicar o procedemento para a distribución de fondos entre as asociacións provinciais, sobre a base de lactacións finalizadas, recollido na Cláusula Décimo Sétima do presente convenio.

QUINTA. Gastos financiáveis

A Consellería do Medio Rural financiará as actuacións do convenio, realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2020.

Para o financiamento do Convenio dedicaranse a este concepto todos os fondos estatais achegados para este fin no marco do Real Decreto 368/2005, de 8 de abril, polo que se regula o control oficial do rendemento leiteiro para a avaliación xenética nas especies bovina, ovina e caprina.

Estas cantidades poderanse incrementar con fondos comunitarios, estatais ou autonómicos achegados para o efecto, na mesma ou noutras aplicacións orzamentarias, de acordo con artigo 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O importe máximo de axuda estará limitado sobre os gastos subvencionables ata o 70% dos custos derivados da realización de probas destinadas a determinar o





rendemento do gando vacún leiteiro, segundo se establece no apartado b, do punto 1, do artigo 27 do Regulamento (UE) N° 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

Os fondos destinados estarán limitados por cada lactación finalizada e válida, segundo se establece no anexo V do Real Decreto 368/2005, do 8 de abril, polo que se regula o control oficial do rendemento leiteiro para a avaliación xenética nas especies bovinas, ovina e cabrúa, para cada especie do modo seguinte:

- Bovino: 10 euros.
- Ovino: 5 euros.
- Caprino: 5 euros.

Cando por razóns de distancia ou de incompatibilidade horaria, a actuación directa con persoal propio das entidades sexa inviable, as Africor de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, poderán subcontratar total ou parcialmente as actividades encomendadas na cláusula segunda deste convenio, segundo o artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En ningún caso se poderán subcontratar actividades que, aumentando o custo da actividade acordada, non acheguen valor engadido ao seu contido. A actividade subvencionada que se subcontrate con terceiros realizárase cumprindo as obrigas referidas en dito artigo.

A Consellería do Medio Rural exercerá o seguimento e control das actuacións obxecto de convenio co persoal técnico da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

SEXTA. Xustificación.

A data límite de xustificación do programa desenvolvido e presentación de gastos e pagamentos será o 1 de decembro de cada ano. Con cada xustificación o beneficiario debe achegar:





1. Un escrito de remisión asinado polo secretario da asociación co visto e prace do Presidente.
2. Unha certificación, expedida polo secretario da entidade co visto e prace do seu Presidente, coa relación dos gastos e facturas.
3. Os xustificantes orixinais de gasto.
4. Transferencia bancaria dos pagos.
5. Unha memoria explicativa, asinada polo secretario das entidades, sobre a realización das actividades auxiliadas que probe a prestación efectiva dos servizos e permita xulgar a elixibilidade dos gastos.
6. No caso das nóminas, achegara esta, máis os xustificantes do ingreso na AEAT (TCs), dos importes retidos aos traballadores.
7. Unha relación informatizada dos gastos e facturas cos seguintes campos: concepto, proveedor, número de factura, data de emisión e data de pagamento, base imponible, importe correspondente ao IVE e importe total con IVE. No caso das nóminas, polo menos incluírá os campos: líquido a percibir, total retribucións, Seguridade Social da empresa e do traballador.

Aceptarase a xustificación do pago das facturas en metálico cando o seu importe, individual ou en conxunto por proveedor, sexa inferior a 1.000 euros, IVE incluído; neste caso o pago xustificárase mediante certificación expresa, asinada, datada e cuñada polo proveedor, na que se faga constar a recepción do importe facturado e o medio de pago empregado, así como o compromiso do proveedor de someterse ás actuacións de control e comprobación na súa contabilidade da realidade do pago. Esta certificación acompañará á factura preceptiva.

Para gastos de escasa contía que non superen os 300 euros, admitírase como xustificante de pago a factura asinada e selada polo proveedor na que figure a expresión "recibín en metálico".

Para a acreditación de gasto no concepto axudas de custo admitíranse "acreditacións de pagamento" emitidas e seladas pola empresa, asinadas polo traballador, pagadas



mediante transferencia bancaria e acompañadas dun certificado da empresa no que se especifique o concepto.

Toda xustificación irá acompañada dunha declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien o proxecto.

Toda a documentación incluída na xustificación presentárase por vía telemática, de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A Consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coa xustificación e emitirá informe de conformidade coas actuacións levadas a cabo. Será aplicable o réxime do artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, cando o importe dos gastos elixibles superen as contías que se indican no suposto de prestación de servizos ao beneficiario por empresas consultoras ou asistencia técnica, salvo que polas súas especiais características non existan no mercado suficiente número de entidades que as presten ou subministren. A escoella entre as ofertas, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Poderanse efectuar pagamentos a conta, pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, sempre de acordo co disposto no artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, abonados por contía equivalente á xustificación presentada a conta da liquidación final. O importe do pagamento a conta poderá acadar ata o 80 % da contía adxudicada.

Non obstante, as catro Africor de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, quedan eximidas de constituír garantías para efectuar estes pagamentos á conta, de acordo co disposto no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Considéranse gastos elixibles aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza das actividades acordadas que se realicen no prazo establecido no presente convenio,





e destinados especificamente as actividades sinaladas na cláusula segunda do presente convenio como son:

- o Custes laborais dos traballadores,
- o Gastos relacionados co desprazamento ás explotacións,
- o Gastos de xestión administrativa e de oficina.
- o Custos do material empregado para a realización dos controis e a toma de mostras.
- o Aqueles outros que serven de xeito ineludible para realizar as actividades relacionadas co control leiteiro oficial.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos elixibles poderá ser superior ao valor de mercado. Non se considera o IVE gasto elixible.

Dado que as actuacións obxecto de convenio se basean nos datos aportados polo control oficial do rendemento leiteiro e estes adoitan recollese periodicamente ao longo do ano, serán consideradas as actuacións desenvolvidas polas entidades asinantes dende o 1 de xaneiro de 2020.

De acordo co artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o beneficiario poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. A actividade subvencionada que o beneficiario subcontrate con terceiros realizarase cumprindo as obrigas referidas en dito artigo.

SÉTIMA. Relacións laborais.

A subscrición do convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e os empregados das Africor de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra que desenvolvan as actividades programadas e a Xunta de Galicia.

OITAVA.- Comisión de seguimento.






Para o desenvolvemento do presente convenio de colaboración, poderá constituírse unha comisión de seguimento composta por un representante de cada institución asinante. Esta comisión encargárase de establecer e definir criterios e pautas de actuación a seguir, así como de levar a coordinación e supervisión técnica das accións previstas no convenio.


NOVENA. Control de actuacións

A Consellería do Medio Rural ostenta a prerrogativa da interpretación e resolución de cantas dúbidas e controversias xurdan na aplicación do convenio. Ademais, exercerá o seguimento e control das actuacións obxecto de convenio co persoal técnico da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.



O beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

As Africor de A Coruña, Lugo, Pontevedra e Ourense comprométense a colaborar na execución dos controis nos termos que se precisen. Igualmente, aceptan someterse aos controis que legalmente procedan a cargo da Intervención Xeral da Xunta de Galicia e do Consello de Contas.



DÉCIMA. Incompatibilidade.

A percepción dunha achega en base a este convenio será incompatible con calquera outra que poida obterse de distintas administracións ou entes públicos para a mesma finalidade.

DÉCIMO PRIMEIRA. Obriga de reintegro.





A entidade perceptora dos fondos, comprométese a cumprir as obrigas que como beneficiaria dunha subvención sinala o artigo 11 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

A entidade ten a obriga de reintegrar, total ou parcialmente, a achega percibida xunto cos xuros de demora que correspondan, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA. Propiedade intelectual e Publicidade.

A propiedade intelectual dos traballos e dos datos obtidos no desenvolvemento do presente convenio pertencerá ao CEGACOL.

O CEGACOL poderá publicar datos e resultados parciais ou finais obxecto do presente convenio sen ningunha limitación. En calquera caso, a difusión de información relativa ao presente convenio deberá facer mención expresa a este.

Nos documentos e carteis executados en desenvolvemento do presente Convenio faranse constar os símbolos de identidade corporativa das entidades intervenientes segundo o disposto no Decreto 409/2009, do 5 de novembro, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA. Protección de datos de carácter persoal.

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.





DÉCIMO CUARTA. Resolución.

Son causas de resolución do presente convenio: o incumprimento total ou parcial dalgunhas das súas cláusulas, o transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas, as modificacións das directrices de desenvolvemento sen contar coa previa autorización escrita da Consellería do Medio Rural.



DÉCIMO QUINTA. Consentimento.

O CEGACOL autoriza á Consellería do Medio Rural, á obtención de forma directa da acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

DÉCIMO SEXTA.- Natureza.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polas súas propias cláusulas. A xurisdición contencioso - administrativa será a competente para entender os litixios que puideran xurdir.





DÉCIMO SÉTIMA.- Vixencia do Convenio, Financiamento e Distribución dos fondos.

O presente convenio, que producirá efectos dende o 1 de xaneiro de 2020 ao 31 de decembro do 2023, asínase para o período 2020-2023. A Consellería do Medio Rural destinará á financiación destas actividades todos os fondos finalistas do estado destinados a este fin no marco do Real Decreto 368/2005, de 8 de abril, polo que se regula o control oficial do rendemento leiteiro para a avaliación xenética nas especies bovina, ovina e caprina.

Estas contías poderanse incrementar con fondos comunitarios, estatais ou autonómicos achegados para o efecto, na mesma ou noutras aplicacións orzamentarias, de acordo con artigo 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ata unha contías máxima de tres millóns de euros (3.000.000,00€), condicionado á existencia de dispoñibilidade orzamentaria, e coa seguinte dotación máxima para cada unha das anualidades do convenio:

- 750.000 € para o ano 2020,
- 750.000 € para o ano 2021,
- 750.000 € para o ano 2022,
- 750.000 € para o ano 2023.

En todo caso, os importes asignados destinaranse exclusivamente a sufragar os custos que xeren as actividades do control leiteiro oficial.

Os pagos efectuaranse con cargo á aplicación orzamentaria 14.04.713C.781.1. A eficacia do convenio queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas deste no exercicio correspondente.

O presente convenio tramítase de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. Por iso, a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2020.





A distribución de fondos entre as asociacións provinciais de control leiteiro realizarase de acordo co Artigo 8 do Decreto 120/2011, do 16 de xuño, sobre a base de lactacións finalizadas segundo o procedemento que se describe a continuación:

1. De acordo co artigo 19 alínea 3 do Real Decreto 368/2005 de 8 de abril, en base aos datos oficiais de rendemento leiteiro do ano anterior, o director xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias informará á Dirección Xeral de Gandería, do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, antes do 30 de marzo de cada ano, mediante certificación oficial, o número de lactacións finalizadas e válidas do ano anterior de femias leiteiras bovinas, aos efectos de realizar a distribución territorial dos fondos.
2. Ademais, certificará oficialmente o número de lactacións finalizadas e válidas do ano anterior que corresponden a cada provincia, o que permite obter as porcentaxes de cada unha.
3. A cada Africor de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra correspóndenlle, para cada ano, as cantidades resultantes de aplicar as citadas porcentaxes aos fondos percibidos.

E en proba de conformidade, as partes asinan por sextuplicado o presente convenio de colaboración, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Consellería do Medio Rural

José González Vázquez

Por Africor A Coruña

Manuel Antelo Vilariño

Por Africor Ourense

Antonio Pérez Castro

Por Africor Lugo

José Carlos Vega Rodríguez

Por Africor Pontevedra

Rafael Méndez Guerra

